



P R E S I D E N C I A
SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE
SERVICIO PROVINCIAL
PONTEVEDRA



DEPORTE GALEGO

4342

Presentado en data 28/06/1999 escrito formulado por vostede solicitando a modificación que se sinala máis abaixo, do clube que representa, comunícolle que en data 28 de Xuño de 1999 procedeuse a anotar no Rexistro de Clubes da Xunta de Galicia a modificación solicitada.

O que se lle notifica para a súa información e efectos.

Nº de Rexistro: 5321

Cambio de enderezo social: PLAZA DE AMERICA, Nº 2-2º - Of. B
26211 VIGO

Pontevedra, 28 de xuño de 1999

O XEFE DO SERVICIO DE DEPORTES
(P.D. Resolución de 12-9-97. D.O.G. 15-9-97)



do.: Bernardino Rodiño Pernas

Sr. Presidente do CLUB VIGO FUBOL SALA

Vigo Fútbol-sala

CAPITULO I:

NORMAS XERAIS

G 36817203

Artigo 1º.- O/A CLUBE VIGO FÚTBOL-SALA e unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que ten como obxecto exclusivo o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/A CLUBE VIGO FÚTBOL-SALA practicará como principal modalidade deportiva a de FÚTBOL-SALA, afiliarse á Federación Galega de FÚTBOL-SALA e someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A CLUBE VIGO FÚTBOL-SALA practicará asimismo as modalidades deportivas de FÚTBOL-SALA e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes que se adscribirán ás respectivas Federacións, sen prexuício de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras Seccións Deportivas.

Artigo 3º.- O/A CLUBE VIGO FÚTBOL-SALA someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

- Non poderá destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse íntegramente á conservación do seu obxecto social.
- Poderán fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.
- O/A CLUBE VIGO FÚTBOL-SALA poderá gravar e enaxenar bens inmobles, tomar cartos a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

- Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.



dos socios de número e aspirantes, a menos que se determine de número, aspirante ou aspirante a número.

Artículo 72.- Son socios de número todas las personas de edad, que satisficjan la cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexo, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cuota que fixe a Comisión Directiva e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Comisión Directiva confire esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Artigo 8º.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da Asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examina-la súa documentación previa petición razoada á Xunta Directiva.
- e) Expór libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboar as cuotas que esixa a Xunta Directiva.
- b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da sociedade.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para a bo goberno da sociedade.

Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.



Artículo 10º.- La cuota de ingreso de los socios será de:

- * De la cuota de ingreso por cada una de las:
- * Solicitudes por escrito dirigida a Xunta Directiva.
- * Satisfacer la cuota de ingreso correspondiente.

Artículo 10º.- A condición de socio pódese:

- * Por vontade propia.
- * Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGAOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artículo 11º.- Son órganos de representación e goberno de Clube
Vide Fútbol-SALA a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artículo 12º.-

1.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, ó fronte da que haberá un Presidente e da que formará parte un Secretario e un Tesoureiro.

2.- O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos válidamente adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

3.- Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Manté-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar por medio do seu Presidente, á Asemblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios así como as cuotas de ingreso e periódicas que deban satisfacerse.
- d) Redactar e reforma-los regulamentos de Réxime interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que teñan de dirixi-las distintas comisións que se creen, así como organiza-las actividades do Clube.



f) Formular inventariado do patrimonio do clubo, como redactada a memoria anual de fiabilidade do clubo xeral, aplicando todas as medidas de austeridade, economizando no clubo.

g) Aprobalo cambio do domicilio social do clubo nos termos previstos no artigo 12º.

Artigo 13º.-

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda, convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros e, en todo caso do Presidente ou Vice-Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración. Tamén se poderá convocar a petición de tres ou máis dos seus membros.

Artigo 14º.-

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

Artigo 15º.-

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º.-


O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º.-

A elección dos membros da Xunta Directiva, efectuarase por un período de catro anos, coincidindo con períodos olímpicos, renovándose, por metade, cada dous anos. A primeira renovación non afectará ó Presidente nin ó Tesoureiro. Tódolos cargos directivos son reelegibles.

Artigo 18º.-

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.



2.- As Asembleas Xerais, tanto as ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes os representantes, a maioría dos seus asociados. Na segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados, e en terceira e última convocatoria quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, quince días naturais.

Artigo 19º.-

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas da directiva.
- d) Propositions que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Preguntas.

2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección de Xunta Directiva, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles e fixación de cuotas dos socios.

CAPITULO IV


RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.-

O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21º.-

No Libro de Rexistro de Asociados, terán de constalo nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén hansi especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma e posesión e cese nos cargos aludidos.



Artigo 22º.-

Nos libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.-

Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da Asociación, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO VDA EMISION DE TITULOS DE DEBEDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIALArtigo 24º.-

- 1.- O/A CLUBE Viao Furool-sala poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial.
- 2.- Os títulos serán nominativos.

Artigo 25º.-

- 1.- Os títulos inciribiranse nun libro que levará ó efecto a Asociación no que se anotarán as sucesivas transferencias.
- 2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.


Artigo 26º.-

Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 27º.-

Os títulos de parte alicuota patrimonial han ser asimesmo, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 28º.- Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.



CAPITULO VIREFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADEArtigo 29º.-

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos que para a súa aprobación.


Artigo 30º.-

O/A CLUBE VIGO FÚTBOL-SALA extinguirase ou disolverase por acordo de: a) dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto b) por sentenza xudicial c) por outras causas legalmente determinadas.

Artigo 31º.-

Disolto o/a CLUBE VIGO FÚTBOL-SALA o remanente do seu patrimonio social, se houbera, revertirá á colectividade, comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e á Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades Físico-Deportivas.

=====



Artículo 108. - Los socios podrán ser:

- * Tecn. de la Edición y de la Imprenta.
- * Solicitante por escrito dirigida a Junta Directiva.
- * Satisfaga la cuota de ingreso correspondiente.

Artículo 109. - A condición de socio pódese:

- * Por vontade propia.
- * Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGAOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artículo 110. - Son órganos de representación e goberno de Clube
Vieo Fútbol-SALA a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artículo 120. -

1.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, ó fronte da que haberá un Presidente e da que formará parte un Secretario e un Tesoureiro.

2.- O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executar os acordos válidamente adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

3.- Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar por medio do seu Presidente, á Asemblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios así como as cuotas de ingreso e periódicas que deban satisfacerse.
- d) Redactar e reforma-los regulamentos de Réxime interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que teñan de dirixi-las distintas comisións que se creen, así como organiza-las actividades do Clube.



U

